



ORDENANZA Nº 34

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RÚAS MUNICIPAIS

—2020—



ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá feito impoñible destas taxas o estacionamento de vehículos de tracción mecánica, en horario de 9h. a 14 h., e de 16 h. a 20 h., de luns a venres agás festivos, nas vías do municipio incluídas no ámbito de aplicación da "Ordenanza Reguladora do Servizo de Aparcamento de Vehículos na Vía Pública mediante máquinas expendedoras de tickets na Cidade de Vigo".

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos, obrigados o pagamento destas taxas, os condutores de vehículos e os propietarios, entendendo por tales quen figuren no Rexistro Público que regula o Código da Circulación.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nestas taxas.

ARTIGO 4.- COTAS

As tarifas desta taxa serán as seguintes:

1. Tarifa xeral pre-pagada:

1.1 Ata 33 minutos.	0,30 €
1.2 De máis de 33 minutos ata 62 minutos.	0,60 €
1.3 De máis de 62 minutos ata 90 minutos.	1,00 €
1.4 De máis de 90 minutos ata 120 minutos.	1,45 €

2. Tarifa de residentes:

A tarifa será de 0,35 € por cada dúas horas, sen límite no tempo de estacionamento.

Poderán facerse con tarxetas de estacionamento para cada trimestre natural por importe de 34,00 €/trimestre. Así mesmo, poderán adquirir tarxetas de estacionamento anuais por importe de 98,00€.

3. A tarifa postpagada, se a duración de aparcamento excédese da sinalada no ticket nun máximo de unha hora, será de 2,55 €, tarifa establecida ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.

4. A tarifa postpagada, no caso de estacionamento que supere as dúas horas de aparcamento no mesmo emprazamento ou rúa, existindo denuncia formulada polo controlador da XER e sempre que o pagamento se realice no prazo máximo dunha hora dende a formulación da denuncia será de 5,05 €. O pagamento desta tarifa significará a anulación da denuncia ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.



5. A tarifa postpagada, no caso de estacionamento sen ticket e existindo denuncia formulada polo controlador da XER e sempre que o pagamento se realice no prazo máximo dunha hora dende a formulación da denuncia será de 7,30 €. O pagamento desta tarifa significará a anulación da denuncia ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.

ARTIGO 5.- DEVENGO E PAGAMENTO

As taxas reguladas nesta Ordenanza devenganse no intre de efectuar o estacionamento.

O pagamento farase mediante a obtención dun ticket nos aparatos expedidores que deberá ser colocado en lugar visible no interior do parabrisas dianteiro.

ARTIGO 6.- XESTIÓN

1. A xestión e recadación en período voluntario da taxa corresponderá ó concesionario.

2. O importe da recadación en período voluntario formará parte dos ingresos a percibir polo concesionario nos termos establecidos no contrato de concesión.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, así como as súas cualificacións e sancións, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª. No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria, RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), e restante normativa de aplicación.

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2016, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓNS B.O.P.: 30.DE DECEMBRO DE 1998
30 DE DECEMBRO DE 1999
29 DE MAIO DE 2001
30 DE NOVEMBRO DE 2001
26 DE DECEMBRO DE 2002
30 DE DECEMBRO DE 2003
29 DE NOVEMBRO DE 2004
7 DE DECEMBRO DE 2005
30 DE DECEMBRO DE 2006
10 DE DECEMBRO DE 2007



10 DE DECEMBRO DE 2008

14 DE DECEMBRO DE 2010

22 DE NOVEMBRO DE 2011

21 DE DECEMBRO DE 2012

25 DE NOVEMBRO DE 2015